

INSTRUCCIÓN VII/2018 DA XERENCIA, RECTIFICATIVA DA V/2018, RELATIVA AO EMPREGO DO CÓDIGO CPV COMO ELEMENTO PARA DETERMINAR O OBXECTO DOS CONTRATOS MENORES.

Na instrución V/2018 da Xerencia estableceuse o código CPV (*Common Procurement Vocabulary -Vocabulario Común de Contratación Pública*) como elemento para determinar o obxecto de cada contrato menor de cara a verificar o importe máximo dos contratos menores que a USC pode subscribir cun terceiro.

O código CPV, de emprego obrigatorio na Unión Europea desde o 1 de febreiro de 2006, baséase nunha estrutura arborescente de códigos de oito díxitos máis un noveno separado por un guión que serve de control, e que corresponden a un *enunciado* que describe as subministracións, obras ou servizos obxecto do contrato.

A estrutura dos códigos CPV é a seguinte, aplicada sobre un exemplo de uso ordinario na USC como é o material informático:

Nomenclatura	Definición	Exemplo (código)	Exemplo (enunciado)
División	Os dous primeiros díxitos do código.	<u>30</u> 000000-9	Máquinas, equipo y artículos de oficina y de informática, excepto mobiliario y paquetes de software.
Grupo	Os tres primeiros díxitos do código.	<u>302</u> 00000-1	Equipo y material informático.
Clase	Os catro primeiros díxitos do código.	<u>3021</u> 0000-4	Máquinas procesadoras de datos (hardware).
Categoría	Os cinco primeiros díxitos do código.	<u>30213</u> 000-5	Ordenadores personales.
Sub-categoría	Os tres últimos díxitos.	<u>30213100</u> -6	Ordenadores portátiles.

A listaxe vixente, denominada comunmente *CPV 2008*, foi publicada en España no *Reglamento (CE) nº 213/2008 de la Comisión, de 28 de noviembre de 2007, que modifica el Reglamento (CE) nº 2195/2002 del Parlamento Europeo y del Consejo, por el que se aprueba el Vocabulario común de contratos públicos (CPV), y las Directivas 2004/17/CE y 2004/18/CE del Parlamento Europeo y del Consejo sobre los procedimientos de los contratos públicos, en lo referente a la revisión del CPV (B.O.E. 15/03/2008)*. Esta listaxe comprende máis de 9.400 entradas entre divisións, grupos, clases, categorías e subcategorías.

Para facilitar o uso dos códigos CPV por parte da comunidade universitaria, a instrución V/2008 da Xerencia incluía un Anexo no que se extractaban unhas 650 entradas que previsiblemente serían de uso máis común na USC.

Desde a publicación da instrución V/2108 da Xerencia foron recibidas numerosas solicitudes de inclusión de códigos CPV existentes na listaxe europea *CPV 2008* e non recollidas no Anexo para poder categorizar determinados contratos menores a subscribir polos distintos centros de gasto.

Co obxecto de facilitar o desenvolvemento da contratación de subministracións e servizos das distintas unidades con capacidade de xestión descentralizada de créditos orzamentarios e, ao tempo, seguir mantendo un control centralizado do uso correcto da modalidade do contrato menor asegurando a coherencia entre o CPV proposto, o obxecto do contrato e a natureza dos créditos orzamentarios con xestión descentralizada,
o xerente **RESOLVE**:

PRIMEIRO. Modificar o punto terceiro da instrución V/2018 da Xerencia que queda redactado da forma seguinte: “*Os directores de centro de gasto poderán solicitar autorizacións para a celebración de contratos menores cuxo obxecto, referido a un código CPV, estea de acordo coa natureza dos créditos presupostarios dos que cada director de centro de gasto dispón*”.

SEGUNDO. O obxecto dos contratos menores deberá categorizarse coa nomenclatura que teña o maior nivel de desagregación posible de entre as existentes para ese obxecto na listaxe *CPV 2008* publicada no B.O.E. 15/03/2008.

Consecuentemente, deberá empregarse prioritariamente a *sub-categoría* e, no caso de non ser factible, por orde de prelación, a *categoría*, a *clase*, o *grupo* ou a *división*.

Aos efectos de poder verificar a pertinencia do CPV proposto para o contrato, na solicitude de autorización á Xerencia establecida na instrución V/2018, o director do centro de gasto deberá describir de forma sintética e suficiente a subministración ou o servizo que se pretende obter mediante a subscripción do contrato menor.

TERCEIRO. A Xerencia non autorizará a tramitación de contratos menores nos que non exista coherencia entre o seu obxecto e o CPV proposto, nin con aquelas subministracións ou servizos cuxa adquisición, por razóns normativas ou de programación da contratación, deba realizarse mediante a utilización doutros procedementos de contratación.

CUARTO. Para facilitar a localización dos códigos, a Xerencia pon na súa páxina web a disposición dos directores de centro de gasto e dos responsables de asuntos económicos un anexo en formato Excel coa listaxe *CPV 2008* agrupada por nomenclaturas e manexable a través de despregables de cada categoría..

José Manuel Villanueva Prieto
O Xerente (Asinado electrónicamente)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/04/2018 12:47:08.

CSV: 235F-A5A1-4DF9-B74C